

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA



PEDAGOGÍA

2021/2022

PROFESOR: IVÁN NOVO BELLO

# Índice

1. Introducción.....	3
1.1. MARCO LEGAL.....	3
1.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ALUMNADO.....	5
2. Metodoloxía.....	5
3. Atención á diversidade.....	6
4. Temas transversais.....	7
4.1. EDUCACIÓN EN VALORES.....	7
4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN....	8
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	8
6. Secuenciación por cursos.....	9
6.1. SEXTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL.....	9
6.1.1. Obxectivos.....	9
As ensinanzas de Pedagogía terán como obxectivos contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:.....	9
6.1.2. Contidos.....	9
6.1.3. Criterios de avaliación.....	10
6.1.4. Contidos mínimos esixibles.....	12
6.1.5. Bibliografía de referencia.....	12
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	14
7.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	15
7.2. CRITERIOS E PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN.....	15
7.3.1. Procedementos de recuperación ordinarios.....	16
7.3.2. Probas extraordinarias de Setembro.....	16
7.3.3. Procedementos de avaliación no caso da perda do dereito á avaliación continua.....	16

## 1. Introducción

A presente programación didáctica foi realizada a partir do currículo oficial vixente e pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de PEDAGOXÍA durante o cursos 6º do Grao Profesional dos ensinos de réxime especial de Música.

Para a elaboración desta programación, tívose en conta, en primeiro lugar, o Currículo Base, orientador e prescriptivo, do cal se tomaron os obxectivos xerais para concretalos nuns obxectivos didácticos específicos. Así mesmo, esta programación foi realizada en coherencia co Proxecto Educativo de Centro (PEC), de tal maneira que no seu deseño valoráronse coidadosamente as características e necesidades da comunidade á que vai dirixida.

Segundo o Decreto, a materia de Pedagogía forma parte dun dos itinerarios posibles para continuar os estudos de Grao Superior, tanto na opción de pedagogía do instrumento coma na de pedagogía da linguaxe e da educación musical. O itinerario de Fundamentos de Pedagogía baséase, por unha parte, no afondamento nos principios da educación musical e, por outra, na iniciación á comprensión e ao estudo do proceso didáctico. Este itinerario posibilitalle ao alumnado o acceso ao coñecemento dos principios que rexen o ensino e aprendizaxe musicais e a súa forma de transmisión. Preténdese posibilitarlle uns criterios de actuación concretos, partindo do coñecemento e da comprensión dos recursos das principais escolas pedagóxicas. Este achegamento aos elementos do proceso didáctico, neste preciso momento da súa educación musical, pretende ser de axuda para o seu futuro en relación coa música.

### 1.1. MARCO LEGAL

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

## 1.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ALUMNADO

O conservatorio está situado no concello da Estrada a 25 km de Santiago de Compostela. A Estrada é un concello de preto de 22. 000 habitantes, divididos en 51 parroquias que, exceptuando a parroquia da Estrada, son de ámbito rural. Desenvolve a súa actividade económica no sector servizos e sobre todo nas explotacións agrícolas e gandeiras.

Por outra banda, a área de influencia do centro esténdese a un conxunto de comarcas lindantes e núcleos nas aforas, algúns deles pequenos, dispersos e de poboación máis reducida, dos que proceden unha parte dos alumnos. A Comarca de Tabeirós-Terra de Montes en xeral e A Estrada en particular, goza dunha gran tradición cultural e musical. A Banda Municipal da Estrada conta con máis de 140 anos de historia nutríndose hoxe en día con practicamente a totalidade dos seus músicos formados ou formándose no noso conservatorio. Ademais outras agrupacións de

distintas tradicións, grupos de música moderna, agrupacións de música tradicional, orquestras, charangas, bandas de música de concellos limítrofes, etc. nótrense, tamén, de músicos formados no Conservatorio da Estrada. A proximidade a Santiago de Compostela e que esta sexa unha cidade de enorme tradición universitaria tamén condiciona que moitos alumnos poidan cursar ao mesmo tempo unha carreira universitaria e os estudos de música.

## **2. Metodoloxía**

Como corresponde ao desenvolvemento dun currículo aberto, os aspectos relativos ao cómo ensinar non teñen un carácter normativo e os métodos de ensino son en gran medida responsabilidade do profesor. Así pois, pretendemos aquí expoñer as directrices que seguiremos no desempeño do noso labor pedagóxico.

A disciplina de pedagogía ten unha carga lectiva de 1 hora semanal no 6º curso de Grao Profesional.

Xa que a materia de pedagogía debe preparar aos nosos alumnos para afrontar os estudos superiores de pedagogía dos instrumentos ou de didáctica da linguaxe e da educación musical, será moi importante atender a esas tres vertentes: o ensino instrumental, o ensino da linguaxe musical e o ensino musical en ámbitos diferentes ao conservatorio. A aprendizaxe levarase a cabo de xeito participativo e guiado polo propio alumno xunto co profesor, os alumnos primeiro adquirirán os coñecementos necesarios sobre escolas/métodos, principios psicopedagóxicos, terminoloxía e deseño curricular, e logo poñerán todo na práctica da aula. A avaliación continua e inmediata, e a retroalimentación, deben de ser a guía no proceso. Tamén se potenciará a elaboración de recursos e materiais didácticos polos propios alumnos e o desenvolvemento do seu espírito crítico, tan necesario á hora de seleccionar materiais e escoller métodos de ensino.

## **3. Atención á diversidade**

A atención á diversidade derívase do concepto de atención ás necesidades educativas especiais, na medida en que todos somos diferentes, somos diversos, non aprendemos da mesma forma e necesitamos unha atención diferente. Estas diferenzas veñen determinadas por variables como as capacidades, as estratexias cognitivas, a atención, os coñecementos previos, os estilos de aprendizaxe, a motivación, o axuste emocional, a integración social, etc.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de Pedagogía teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que presenten diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos alumnos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Propoñer actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos.

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Existen unha serie de medidas establecidas legalmente con vistas a responder as situacións extremas da diversidade do alumnado, e que poder afectar ós seguintes aspectos:

- **Á metodoloxía**, utilizando as estratexias máis adecuadas ao alumno, orientando o seu estudo cara aos aspectos máis apropiados, proporcionando os materiais ao alumnado, etc.
- **Ás actividades**, deseñando algunhas específicas, diminuíndo ou aumentando o seu número, establecendo diferentes graos de consecución, etc.
- **Á avaliación**, empregando ferramentas de avaliación diferenciadas, eliminando ou introducindo determinadas probas, etc.

A posible adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar, en calquera caso, os mínimos esixibles fixados na programación.

## **4. Temas transversais**

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo dos ensinos de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

### **4.1. EDUCACIÓN EN VALORES**

A materia de Pedagogía responde, sen dúbida, a un perfil académico moi particular: o dunha materia na que en cada integrante do grupo comparte espazo a condición de alumno xunto, xa nalgunha medida, a de profesor. É preciso entón que o docente faga chegar os valores axeitados a estas dúas condicións.

Como grupo de alumnos e alumnas, a formación e práctica musical favorecerá neles o desenvolvemento de valores como o esforzo, a responsabilidade, a igualdade, o respecto e a tolerancia. Ademais, a atención, concentración e a reflexión son outras calidades favorecidas polo aprendizaxe da música.

Como grupo de profesores e profesoras, á materia de Pedagogía lle compete transmitir os valores engadidos que cada docente precisa de maneira obrigada.

- Respecto por cada alumno e alumna en canto a súa maneira de aprender, de expresarse, e respecto polas súas inxerencias na súa formación.
- Respecto polo currículo en canto necesaria planificación didáctica.
- Ánimo, compromiso e paciencia ante a tarefa.
- Comportamento crítico ante os erros perpetuados na práctica docente.
- Inconformismo ante a formación particular de cada un.
- Curiosidade ante ideas, métodos ou recursos aínda non coñecidos.
- Proceder autocrítico cuestionando, avaliando e corrixiendo cada traballo.

#### **4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN**

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complementa cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

O centro conta con equipos informáticos con conexión a internet, así coma WIFI para alumnos e profesores.

Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc.

Segundo está recollido nos documentos organizativos do Centro, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sempre con fins didácticos.

### **5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

Estas actividades cumpren diversas funcións:

- Completar a formación dos alumnos.
- Servir de actividades de formación e avaliación.
- Dinamizar e implicar ao alumnado na vida cultural do centro e o seu entorno.

- Como factor de motivación.

Poderán ser organizadas polo departamento, de xeito interdisciplinar con outros departamentos ou en colaboración con outras institucións externas ao Centro. Serán programadas ao comezo do curso e consistirán en:

- Audicións, exposicións, proxeccións, concursos ou conferencias.
- Cursos de formación.
- Asistencia a concertos fora do centro.

O alumnado de Pedagogía terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende o Departamento, agás aquelas que formen parte do proceso de avaliación.

## 6. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica de Pedagogía no único curso de grao profesional no que se imparte.

### 6.1. SEXTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

#### 6.1.1. Obxectivos

As ensinanzas de Pedagogía terán como obxectivos contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Coñecer as principais escolas pedagóxicas e os seus recursos no ensino da música.
  - Comprender as fases do desenvolvemento evolutivo.
  - Coñecer e comprender os principios da psicopedagogía xeral e a súa aplicación no ensino musical
  - Coñecer os principios do ensino musical nos niveles educativos.
  - Recoñecer os elementos do proceso didáctico en xeral, e do modelo da LOE en particular.
  - Diseñar e desenvolver unha programación didáctica.
  - Diseñar, desenvolver e avaliar unidades didácticas dentro do contexto das programacións de aula.
  - Respetar e apreciar a diversidade como norma dentro da clase colectiva.
  - Valorar as materias e os recursos didácticos propios do ensino da música en Galicia.
  - Coñecer e desenvolver os recursos que proporciona a informática para a aplicación dos puntos anteriores (programas de edición musical, programas de texto,



presentacións de powerpoint, programas de realización de mapas conceptuais, edición de vídeo, etc.)

### **6.1.2. Contidos**

- Aproximación á didáctica. Estudo epistemolóxico.
- Achegamento á psicoloxía da educación. As fases do desenvolvemento evolutivo.
- Tipos de ensino. As escolas pedagóxicas e os seus recursos aplicados no ensino da música. Métodos e sistemas actuais da pedagogía musical.
- Principios da educación musical. Correntes actuais na didáctica do ensino da música.
- Contidos, recursos didácticos e materiais para o ensino da música: instrumentos, libros de texto, cadernos de actividades, medios audiovisuais, etc
- Orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula atendendo á especialidade ou familia instrumental.
- Técnicas de motivación e estudo e de traballo intelectual.
- Teoría do ensino e deseño curricular: concepto de currículo.
- Programación e avaliación: as programacións de aula e as unidades didácticas.
- Compoñentes do deseño curricular: obxectivos, contidos, orientacións metodolóxicas: métodos de ensino, actividades, interacción na aula, aspectos organizativos e avaliación.
- Realización e desenvolvemento dunha clase de música.
- O profesor como planificador.
- O currículo das ensinanzas musicais en Galicia. O ensino da música noutros niveis educativos.

### **6.1.3. Criterios de avaliación**

- Demostrar o coñecemento dos principios psicopedagóxicos do ensino musical. Este criterio pretende avaliar a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para unha práctica pedagóxica musical axeitada.
- Demostrar o coñecemento dos métodos e dos sistemas actuais da pedagogía musical, así como as súas aplicacións máis frecuentes. Mediante este criterio valórase a comprensión do alumnado dos sistemas pedagóxicos modernos e a súa utilización no ensino e aprendizaxe da música.
- Realizar supostos prácticos de diferentes casuísticas de diversidade de alumnado mediante a elaboración de plans de intervención de aula no rol do profesor ás necesidades concretas do alumnado. Preténdese avaliar se o alumno é quen de analizar

diferentes contextos e situacións educativas e intervir de xeito eficaz e individualizado ás necesidades do alumnado.

- Amosar o coñecemento dos conceptos do currículo, dos seus elementos básicos e da súa concreción. Avaliaranse deste xeito os coñecementos xerais sobre os deseños curriculares.

- Presentar e expoñer unha unidade didáctica para un determinado nivel de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal”, ou de ser o caso, da súa especialidade instrumental. Preténdese comprobar se están basicamente se o alumno comprende o deseño curricular neste último nivel de concreción e é capaz de levar á práctica da aula os seus coñecementos pedagóxicos e didácticos.

- Impartir unha clase con referencia a un aspecto musical delimitado para un determinado nivel das ensinanzas elementais ou profesionais de música. Con este criterio comprobarase o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto ao coñecemento do deseño curricular, a asimilación dos seus obxectivos e a capacidade de entendemento dos conceptos psicopedagóxicos explicados, así como as súas posibilidades para estruturar unha unidade didáctica

#### **6.1.4. Contidos mínimos esixibles<sup>1</sup>**

Para poder superar a materia de Itinerario de Pedagogía, terán que realizarse alomenos as actividades de entrega plantexadas por trimestre, así como cada un dos traballos finais de cada avaliación.

No momento de avaliar, estas son as actitudes, coñecementos e destrezas mínimas que deberá amosar o alumno para obter unha cualificación positiva:

- Coñecer os elementos e fontes do currículo, ademais do seu proceso de concreción a través da lexislación actual.
- Deseñar un proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Analizar e criticar un documento curricular.
- Coñecer as metodoloxías máis relevantes no eido do ensino da música: Dalcroze, Willems, Orff e Kodaly.
- Ter conciencia da diversidade de escolas pedagóxicas, actuais e antigas: Comenius, Freinet, Piaget, Zulueta, etc.
- Coñecer os materiais didácticos empregados na ensinanza da música: textos, instrumentos e recursos tic.

---

<sup>1</sup> A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

### 6.1.5. Bibliografía de referencia

- ANTÚNEZ, S.; et al. (1992) *"Del proyecto educativo a la programación de aula : El qué, el cuándo y el cómo de los instrumentos de la planificación didáctica"*. Barcelona: Graó
- BACHMANN, Marie-Laurie: *La rítmica Jaques-Dalcroze. Una educación por la música y para la música"* Pirámide, 1998
- BARBACI, Rodolfo: *Educación de la memoria Musical, Ed Ricordi , 1965.*
- BARBERÁ, Vicente: *Cómo elaborar un proyecto curricular de centro, Ed. Escuela Española, Madrid, 1993.*
- BERNSTEIN, L. (2002): *El maestro invita a un concierto. Siruela, Madrid.*
- BRINGUIER, J. (2004) *Conversaciones con Piaget: Mis trabajos y mis días. Barcelona:*
- COSSÍO, M. (2007) *El maestro, la escuela y el material de enseñanza. Madrid: MEC.*
- DARLING-HAMMOND, L. (2001) *El derecho de aprender. Barcelona: Ariel*
- DÍAZ, M. y GIRÁLDEZ, A. (coords.) (2007): *Aportaciones teóricas y metodológicas a la educación musical. Graó, Barcelona.*
- DELVAL, Juan: *Aprender a aprender. El desarrollo de la capacidad de pensar, Ed. Alhambra Logman, Madrid, 1992.*
- DE ZULUETA, L. (2006) *El ideal en la educación: Ensayos pedagógicos y otros textos. Madrid: MEC*
- DÍAZ, M.; GIRÁLDEZ, A. (2007) *Aportaciones teóricas y metodológicas a la educación musical. Barcelona: Graó.*
- ELIZALDE, Luís: *El canto escolar. Esc.Sup.Música Sagrada y Pedagogía, Madrid.*
- ESCUDERO, Ma Pilar: *Pedagogía Musical, Real Musical, Madrid,1981.*
- FRIDMAN, Ruth: *El nacimiento de la inteligencia musical, Ed. Guadalupe, Buenos Aires,1988.*
- FUENTES, Pilar: *Pedagogía y didáctica para músicos, Piles, Valencia, 1989.*
- GIRÁLDEZ, A. (2005): *Internet y educación musical. Graó, Barcelona.*
- HEMSY DE GAINZA, Violeta: *Fundamentos, materiales y técnicas de la educación musical, Ed. Ricordi, Buenos Aires, 1977*
- HEMSY DE GAINZA, V. (1990): *Nuevas perspectivas de la educación musical. Guadalupe, Buenos Aires.*
- HEMSY DE GAINZA, Violeta: *La educación musical del niño, Ricordi, Buenos Aires.*

- KODÁLY, Z. (1967): *Cantemos correctamente* (6 volúmenes) BooseyHawks, Londres.
- LÓPEZ DE ARENOSA, E. (2004): *Apuntes sobre didáctica musical*, Enclave Creativa, Madrid.
- MANEVEAU, Guy: *Música y educación*, Ed. Rialp, Madrid, 1993.
- MARTENOT, M. (1993): *Principios fundamentales de educación musical y su aplicación*. Rialp, Madrid. (edición en castellano del título original en francés de 1967).
- ORFF, C. (1961): *Orff Schulwerk. Música para niños*. Barry, Buenos Aires.
- PASCUAL MEJÍA, P. (2002): *Didáctica de la Música*. Prentice Hall. Colección didáctica primaria. Madrid. Buenos Aires.
- PIAGET, J. (1987) *Psicología y pedagogía*. Barcelona: Ariel.
- SCHAFER, R. M. (1985): *Limpieza de oídos*. Ricordi Americana, Buenos Aires.
- SCHAFER, R. M. (1985): *El nuevo paisaje sonoro*. Ricordi Americana, Buenos Aires.
- SCHAFER, R. M. (1985): *El rinoceronte en el aula*. Ricordi Americana, Buenos Aires.
- SCHAFER, R. M. (2005): *Hacia una educación sonora*. Radio educación, México
- SZÖNYI, E. (1976): *La Educación musical en Hungría a través del método Kodály*. Editorial Corvina, Hungría
- SWANWICK, Keith: *Música, pensamiento y educación*, Ed. Morata, Madrid, 1991.
- TASSET, Jean Marie: *Teoría y practica de la psicomotricidad*, Ed. Paidós, Barcelona, 1980
- VANDERSPAR, E. (1990): *Manual Jaques Dalcroze. Principios y recomendaciones para la enseñanza de la rítmica*. Ed. Llongueres, Barcelona.
- VV.AA. (1981): *La educación musical en Hungría*. Real Musical, Madrid.
- VV.AA. (2008): *Modelos de programacions didácticas para as ensinanzas profesionais de música*, Dos Acordes, Pontevedra, 2008.
- WARD, J.: *Método Ward*. Desclée, París, 1964.
- WILLEMS, E. (1961): *Las bases psicológicas de la educación musical*. Eudeba. Buenos Aires.
- WILLEMS, E. (1981): *El valor humano de la educación musical*. Paidós, Barcelona.
- WILLEMS, E. (2001): *El oído musical*. Paidós, Barcelona.
- WUYTACK, J. y BOAL PALHEIROS, G. (1996): *La audición musical activa*. Associação Wuytack de Pedagogía Musical, Porto.

- Lexislación de ensinanzas elementais e profesionais de música e de danza en Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Santiago de Compostela, 2008

## 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A avaliación será **continua ou de procesos**, de forma que nos permita un control e seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto da planificación inicial.

Así mesmo, realizarase unha **avaliación inicial ou diagnóstica** que nos permita identificar os coñecementos previos do alumno, as súas destrezas, habilidades e actitudes previas para así poder planificar o traballo que deberá realizar cada alumno en particular.

En última instancia realizarase unha **avaliación final ou de resultados** ao final de cada trimestre e ao final do curso que, ao comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais, serviranos como referente para medir os avances do alumno.

Unha **avaliación criterial**, comparando o progreso do alumno coas metas establecidas previamente en relación coa súa propia situación inicial utilizarase para avaliar o progreso de alumnos con necesidades educativas especiais.

### 7.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Valorarase o traballo da aula así como a entrega en prazo dos traballos e tarefas propostos. Ao remate de cada trimestre o profesor propoñerá un exercicio a realizar na aula como proba obxectiva de avaliación. Estes exercicios serán:

1º Trimestre: Confección e exposición de traballos de investigación orixinais sobre as principais escolas ou pedagogos musicais, métodos didácticos actuais, principios psicopedagóxicos, deseño curricular, investigación educativa, atención á diversidade, etc. que á súa vez posibilite a súa posta en práctica na realidade da aula. Puntuarase de 1 a 10.

2º Trimestre: Realización e exposición de unidades didácticas orixinais. Puntuarase de 1 a 10.

3º Trimestre: Impartición de clases nun entorno real ou simulado na que se desenvolverá unha unidade didáctica orixinal da especialidade instrumental do alumno. Puntuarase de 1 a 10.

## **7.2. CRITERIOS E PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN**

A nota final será una cualificación numérica do 1 a 10, sen decimais, e calcularase a partir da nota media dos distintos traballos realizados ao longo do curso. Para superar a materia, os alumnos terán que obter unha nota final igual ou superior a 5. Os alumnos que non superaran a materia na convocatoria de xuño poderán presentarse ao exame de setembro.

## **7.3. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN**

### **7.3.1. Procedementos de recuperación ordinarios**

As avaliacións non aprobadas poderán recuperarse no trimestre seguinte, agás a última, na que se fará unha proba de recuperación á final da mesma. A recuperación consistirá na repetición e entrega das actividades propostas e non superadas.

### **7.3.2. Probas extraordinarias de Xuño**

Os alumnos que non aproben o curso en Maio dispoñerán dunha proba extraordinaria no mes de Xuño. A proba poderá constar de un ou máis dos seguintes exercicios:

- Unha exposición práctica didáctica a partir da elección dos recursos e estratexias propias dunha metodoloxía concreta.
- Unha unidade didáctica dun curso de linguaxe musical.
- Elaboración de materiais didácticos, relacionados coa unidade didáctica presentada ou para un curso concreto do propio instrumento.

### **7.3.3. Procedementos de avaliación no caso da perda do dereito á avaliación continua.**

Nos casos en que, dacordo co procedemento disposto, o profesor considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba. O procedemento consistirá nunha proba de carácter parello ás probas de avaliación e/ou actividades efectuadas ao longo do curso.